
BASES DO SORTEO PARA A CAMPAÑA “UN NADAL SOLIDARIO” EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA

1. Campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Asociación de Comerciantes do PAU de Navia, coa colaboración da Xunta de Galicia.

Esta campaña promocional iniciárase o día 16 de Decembro e terminará o día 5 de Xaneiro (ambas as datas incluídas).

Para esta Asociación sortearanse **CATRO LOTES** de “**Produtos Selectos con Denominación de Orixe de GALICIA**”.

O seu ámbito é o Concello de Vigo, **podendo participar toda a Clientela do pequeno comercio asociado**, nas datas sinaladas, segundo a mecánica do funcionamento que se detalla nestas bases.

2. O OBXECTIVO FUNDAMENTAL DA CAMPAÑA é crear un ambiente favorable para incentivar as compras nestas datas tan sinaladas para o noso sector, premiando a confianza da clientela que aposte polo comercio de proximidade, incrementando desta maneira o consumo no pequeno comercio da Zona.

3. A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DO SORTEO É A SEGUINTE:

Trátase dunha campaña aberta, na que poderán participar todas as persoas consumidoras, maiores de idade que realicen unha compra de calquera importe en pequenos comercios asociados á Asociación de Comerciantes do PAU de Navia, coa condición de que a compra se realice durante as datas de duración da campaña, isto é, do 16 de Decembro ao 5 de Xaneiro.

Non poderán participar neste sorteo as persoas traballadoras das entidades organizadoras, nin as persoas titulares ou traballadoras dos comercios participantes, nin as persoas menores de 18 anos.

4. REALIZACIÓN DO SORTEO

O sorteo terá lugar ás **12:00 horas do día 15 de Xaneiro de 2020 na Delegación da Xunta de Galicia de Vigo.**

Cada Asociación participante realizará un sorteo individual, do que resultarán os números gañadores, un por cada lote de produtos sorteado, e dous suplentes tamén por cada lote. Para iso sacaranse combinacións numéricas aleatorias dunha urna onde estarán depositadas todas as matrices das papeletas repartidas entre a clientela.

Estes números gañadores serán publicados na páxina web desta Asociación, así como nas súas RR.SS., e **a persoa gañadora terá o prazo de 1 mes para pasar a recoller o seu premio.**

A Asociación de Comerciantes do PAU de Navia, resérvase o dereito para modificar total ou parcialmente estas bases, así como suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.